

ASOCIACIÓN EFA Fonteboa

Programa de Actividades de Formación Contínua
Xaneiro - Marzo 2023

Curso Europeo de Motoserrista (European Chainsaw Certificate)

Para este período están programados dous cursos ECC1: Do luns 16 ao xoves 19 de xaneiro e do luns 27 ao xoves 30 de marzo. Cada un abrangue 20 horas de formación en horario de 14,30 a 19,30 h; dito nivel trata sobre o mantenemento da motoserra e técnicas de tronzado básico. O custe é de 220 € (socios da Asociación EFA Fonteboa: 200 €) e as taxas do exame, 195 €. O exame destes dous cursos está previsto para 31 de marzo.

Seminario para a mellora das técnicas de producción da pataca

Organizado pola Consellería de Medio Rural, durante os días 16 e 17 de xaneiro, celebrase este Seminario en Coristanco (desde Fonteboa colabórase na organización).

Participan como relatores técnicos da Consellería de Medio Rural e da Cooperativa Bretagne Plants. Preténdese reflexionar sobre as técnicas de cultivo da pataca a través do intercambio e transferencia de coñecementos entre Galicia e Bretaña (Francia). Ao mesmo tempo búscase establecer liñas estratégicas para a implementación de técnicas de cultivos que optimicen os rendementos e a conservación dos solos. Tamén se pretende establecer canles de cooperación entre os produtores que contribúan á mellora dos sistemas de producción, almacenamento e comercialización.

Programa integral de formación en apicultura

Rematado o Módulo I do PIFA (Programa Integral de Formación en Apicultura), a partir do martes 24 de xaneiro iniciarase o Módulo II.

Durante 8 sesións (martes de 19.00 a 21.00 H). Trataranse cuestiós como as seguintes: Preparación da colmea para a invernada, alimentación e necesidades nutricionais da colonia, mantenimento das colmeas e do material, aproveitamento da cera, sanidade apícola, diagnóstico e tratamentos, defensa do colmear fronte a Vespa velutina, e revisión das colmeas á saída do inverno.

Dada a estrutura modular do PIFA, a inscrición está aberta antes do inicio do módulo respectivo. Para mais información (981 733 051) e Carlos de Castro (606 488 886), coordinador do Cicapis.

Curso de reproducción bovina

Durante os días 24 e 25 de xaneiro desenvolverase o curso de reproducción bovina. Colaboran varias gandarías da zona. Trataranse temas como a inseminación artificial e a mellora xenética. É unha actividade dirixida aos alumnos de 1º CFGM de Producción Agropecuaria e hai algunas prazas dispoñibles para profesionais.

Foro Empresarial Lácteo para a consolidación e o emprendemento

Nos días que se indican desenvolveranse as tres sesións (venres 27 de xaneiro, venres 3 e venres 10 de febreiro) coa finalidade de contribuír á consolidación das empresas lácteas e a innovación e o emprendemento dentro das mesmas.

Os horarios de cada unha das sesións serán de 11,00 h a 16,00 h. Os contidos tratarán sobre produción de leite nun contexto de globalización e de segmentación de mercados, estratexia empresarial na produción de leite e indicadores de eficiencia empresarial, todo elo cunha metodoloxía participativa (estudo de casos) coa participación de expertos nas diferentes temáticas. As prazas inicialmente previstas son 20 e as reservas dee praza serán por orde de inscrición no formulario establecido. (editar programa específico e ficha de inscrición).

Xornadas de Fruticultura 2023

Programadas para os días 9, 10 e 11 de febreiro nos que se tratarán tanto cuestiós teóricas como prácticas: fundamentos da poda e dos enxertos, novas especies e variedades de froiteiras en Galicia e prácticas de ciruxía arbórea, además do estudo de iniciativas de emprendemento no ámbito das froiteiras.

Curso de Iniciación á Soldadura

Do 20 de marzo ao 21 de abril o alumnado de 1º de Producción Agropecuaria realizará o curso de "Iniciación á soldadura" (20 horas de formación), distribuidos por grupos, en horario de tarde. Será nas instalacións do FORUM de Carballo.

Mobilidades de ERASMUS +

Para o primeiro semestre de 2023 as saídas previstas son as seguintes:

- 15 alumnos de GASA a Irlanda, do 28 de xaneiro ao 29 de marzo.
- 4 alumnos de 2º GASA do 6 ao 10 de marzo Erasmus híbrido, IREO Lesneven – Bretaña (Francia, Alemania, Croacia, Galicia).
- 8 alumnos de 2º PA de marzo a xuño (3 meses), a Borgoña ou Italia.
- 15 alumnos de 1º PA en Bretaña, do 2 ao 20 de maio.

En canto a recepcións de grupos, durante os meses de marzo, abril, maio e xuño recibiránse en Fonteboa os seguintes grupos:

- Marzo, 4 alumnos de IREO Lesneven (4 semanas).
- Abril (Semana Santa): Viaxe de estudos de 20 persoas de MFR Villevalier (Borgoña).
- Abril, 10 alumnos de MFR Fugeron (estancia 3 semanas).
- Maio, 14 alumnos de MFR Ferté Macé (estancia de 3 semanas).
- Maio, 15 alumnos de MFR Janzé (Maio e xuño).

xaneiro

xaneiro

xaneiro

febreiro

marzo